

**XEOLOXÍA**

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5** combinadas como queira.

**PREGUNTA 1. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Explique os procesos externos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, establecendo claramente as diferenzas entre eles.
- 1.2. Explique os factores e clasificación dos procesos gravitacionais.
- 1.3. Indique catro formas erosivas e/ou de sedimentación relacionadas co ambiente glaciar.

**PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Indique o significado e os compoñentes da Serie de Reacción de Bowen, e a súa relación coa composición das rochas ígneas.
- 2.2. Describa catro tipos de estruturas (afioramentos) ígneos.
- 2.3. Explique que é un oróxeno e indique os tipos existentes.

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique que estrutura xeolóxica está representada na figura, cite un exemplo xeográfico deste tipo de estrutura e describa como se orixina. Explique de que ciclo forma parte este proceso e como continuaría a partir da fase representada na figura.

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique que tipo de fallas están representadas e que tipo de esforzos as orixinan. Explique de onde provén o magma representado na figura, cal é a súa composición e que tipo de rochas se forman a partir del.

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique os tipos de contactos entre C e D, A e D, e D e G, e o tipo de falla F. Explique que tipos de metamorfismo aparecen no corte, a que materiais afectan e cal é a súa orixe.

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Describa a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. Indique, razoadamente, que oroxenia foi responsable da deformación observada nos materiais E, B e G.

**PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: 0,5 puntos por definición)**

- 1. Hipocentro 2. Mena 3. Metasomatismo 4. Anatexia 5. Delta 6. Filossilicato

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

8.1. Emparelle (na folia de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda:

- 1) Hematita. 2) Galena. 3) Blenda (esfalerita). 4) Cinabrio. 5) Calcopirita. 6) Bauxita. 7) Fluorita. 8) Silvina. 9) Casiterita. 10) Magnesita.

- A) Chumbo. B) Ferro. C) Aluminio. D) Magnesio. E) Potasio. F) Zinc. G) Flúor. H) Cobre. I) Estaño. J) Mercurio.

8.2. Forme cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase.

Carbonífero	construtivo	mamíferos
transformante	Cenozoico	fentos
punto quente	penacho	oceánica
dorsal	Paleozoico	intraplaca
Plioceno	conservativo	sismos

**XEOLOXÍA**

El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5** combinadas como quiera.

**PREGUNTA 1. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Explique los procesos externos de meteorización, erosión, transporte y sedimentación, estableciendo claramente las diferencias entre ellos.
- 1.2. Explique los factores y clasificación de los procesos gravitacionales.
- 1.3. Indique cuatro formas erosivas y/o de sedimentación relacionadas con el ambiente glaciar.

**PREGUNTA 2. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Indique el significado y los componentes de la Serie de Reacción de Bowen, y su relación con la composición de las rocas ígneas.
- 2.2. Describa cuatro tipos de estructuras (afioramientos) ígneos.
- 2.3. Explique qué es un orógeno e indique los tipos existentes.

**PREGUNTA 3. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique qué estructura geológica está representada en la figura, cite un ejemplo geográfico de este tipo de estructura y describa cómo se origina. Explique de qué ciclo forma parte este proceso y cómo continuaría a partir de la fase representada en la figura.

**PREGUNTA 4. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique qué tipo de fallas están representadas y qué tipo de esfuerzos las originan. Explique de dónde proviene el magma representado en la figura, cuál es su composición y qué tipo de rocas se forman a partir de él.

**PREGUNTA 5. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique los tipos de contactos entre C y D, A y D, y D y G, y el tipo de falla F. Explique qué tipos de metamorfismo aparecen en el corte, a qué materiales afectan y cuál es su origen.

**PREGUNTA 6. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Describa la historia geológica, ordenando cronológicamente, del más antiguo al más moderno, los materiales que aparecen en el corte geológico, y los eventos tectónicos y erosivos ocurridos. Indique, razonadamente, qué orogenia fue responsable de la deformación observada en los materiales E, B y G.

**PREGUNTA 7. Defina cuatro de los seis términos siguientes: (0,5 puntos por definición)**

- 1. Hipocentro 2. Mena 3. Metasomatismo 4. Anatexia 5. Delta 6. Filossilicato

**PREGUNTA 8. Resuelva las dos asociaciones: (1 punto por apartado)**

8.1. Empareje (en la hoja de examen) cada número de la primera lista con una letra de la segunda:

- 1) Hematites. 2) Galena. 3) Blenda (esfalerita). 4) Cinabrio. 5) Calcopirita. 6) Bauxita. 7) Fluorita. 8) Silvina. 9) Casiterita. 10) Magnesita.

- A) Plomo. B) Hierro. C) Aluminio. D) Magnesio. E) Potasio. F) Zinc. G) Flúor. H) Cobre. I) Estaño. J) Mercurio


8.2. Forme cinco frases correctas y con significado geológico, empleando un término de cada columna en cada frase:

Carbonífero	constructivo	mamíferos
transformante	Cenozoico	helechos
punto caliente	penacho	oceánica
dorsal	Paleozoico	intraplaca
Plioceno	conservativo	seísmos


**XEOLOXÍA**

MATERIAL GRÁFICO DAS PREGUNTAS 3, 4, 5 e 6: / MATERIAL GRÁFICO DE LAS PREGUNTAS 3, 4, 5 y 6:

ESQUEMA-DIAGRAMA 1



ESQUEMA-DIAGRAMA 2



A. Calcarías arrecifais. B. Lousas con moldes vexetais. C. Granito. D. Calcarías con ammonites. E. Cuarcitas. G. Filitas con graptolites.  
A. Calizas arrecifales. B. Pizarras con moldes vegetales. C. Granito. D. Calizas con ammonites. E. Cuarcitas G. Filitas con graptolites.

ABAU  
CONVOCATORIA DE XUÑO  
Ano 2022  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
(Cód. 25)

**PREGUNTA 1. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Máximo 1 pto. pola explicación completa e correcta dos procesos externos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, establecendo claramente as diferenzas entre eles.
- 1.2. Máximo 1 pto. pola explicación correcta dos factores e a clasificación dos procesos gravitacionais.
- 1.3. Máximo 1 pto. pola explicación correcta de catro formas erosivas e/ou de sedimentación relacionadas co ambiente glaciar.

**PREGUNTA 2. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Máximo 1 pto. pola explicación correcta do significado e os compoñentes da Serie de Reacción de Bowen (secuencia ordenada de cristalización de los silicatos a partir dun magma, durante o arrefriamento), e a súa relación coa composición mineralóxica das rochas ígneas (segundo a composición do magma e a temperatura de cristalización).
- 2.2. Máximo 1 pto. pola descrición correcta de catro tipos de estruturas (afloramentos) ígneos.
- 2.3. Máximo 1 pto pola explicación correcta dun oróxeno (engrosamento da litosfera por fenómenos compresivos, debidos á colisión de placas, o que da lugar á formación ou rexuvenecemento de montañas, con fenómenos de fusión e metamorfismo), indicando os tipos existentes (andino, perioceánico ou térmico, cando coliden unha placa oceánica e unha placa continental, e alpino, mecánico ou de colisión, cando coliden dúas placas continentais) e explicando as súas características (magmatismo, sismicidade, pregamentos).

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Máximo 1 pto. pola explicación correcta da estrutura xeolóxica representada na figura (rift continental, que representa a fragmentación da litosfera continental e inicio da separación das placas litosféricas), citando un exemplo xeográfico deste tipo de estrutura (Val de Rift africano, por exemplo) e describindo como se orixina (ruptura da litosfera continental, adelgazada e abombada pola acción dun punto quente). Máximo 1 pto. pola explicación correcta do ciclo do que forma parte este proceso (Ciclo de Wilson, como desenvolvemento evolutivo da tectónica de placas, desde a fragmentación dun supercontinente ata a formación dun novo) e como continuaría a partir da fase representada na figura (separación progresiva das placas coa formación de litosfera oceánica e xénese dun mar restrinxido, formación dunha bacía oceánica ampla cunha dorsal ben desenvolvida, xeración dun bordo destrutivo, redución da bacía oceánica e choque obductivo de placas litosféricas continentais.)

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Máximo 1 pto. pola explicación correcta do tipo de fallas (directas) que están representadas e o tipo de esforzos que as orixinan (distensivos, producidos pola separación das placas litosféricas e ascenso convectivo de material desde o manto). Máximo 1 pto. pola explicación correcta da orixe do magma representado na figura (formación de magma por fusión parcial de materiais de tipo peridotítico do manto superior, debido á diminución de do punto de fusión coa diminución da presión na parte ascendente das correntes de convección no manto), da súa composición (de tipo basáltico o básico) e do tipo de rochas a que da lugar (gabro, rocha ígnea plutónica, se o arrefriamento do magma ocorre lentamente dentro da codia, rodeado doutras rochas, ou basalto, rocha ígnea volcánica, se o arrefriamento se produce rapidamente ao saír a lava á superficie).

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Máximo 0,75 pto. por indicar correctamente os tipos de contactos entre C e D (contacto intrusivo), A e D (concordante), e D e G (inconformidade). Máximo 0,25 pto. por indicar correctamente o tipo de falla F (directa, debida a esforzos distensivos). Máximo 1 pto. pola explicación correcta dos tipos de metamorfismo que aparecen no corte, dos materiais que se ven afectados e da súa orixe (metamorfismo rexional, debido a incrementos de presión e temperatura, que afecta aos sedimentos detríticos que deron lugar ás cuarcitas, lousas e filitas, e metamorfismo de contacto, por efecto do incremento de temperatura e máis restrinxido en extensión, que da lugar a unha aureola metamórfica arredor da intrusión granítica; pode aceptarse tamén metamorfismo dinámico ou cataclástico nas proximidades da falla).

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Máximo 1,5 pto. por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. 1,5 pto. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 1 se hai un erro; 0,5 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no

ABAU  
CONVOCATORIA DE XUÑO  
Ano 2022  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
**(Cód. 25)**

ordenamento; réstase 0,30 por omisión de cada episodio de erosión.

Secuencia: Depósito dos materiais sedimentarios areosos que posteriormente deron lugar ao material E, cuarcitas; depósito de materiais sedimentarios finos que posteriormente deron lugar ao material B, lousas; depósito, en ambiente mariño, de materiais sedimentarios finos que posteriormente deron lugar ao material G, filitas con graptolites; pregamento e metamorfismo dos materiais sedimentarios anteriormente depositados; falla F debida a esforzos distensivos; erosión; inmersión e depósito, en ambiente mariño, de calcarias con ammonites D; depósito de calcarias arrecifais A; intrusión do granito C, que produce aureola metamórfica; modelado da paisaxe por erosión final, que afecta a A, D e C; probablemente erosión fluvial que afecta ao material D.

Máximo 0,5 ptos. por indicar de xeito razoado a oroxenia que foi responsable da deformación observada nos materiais E, B e G. Trátase da Oroxenia Herciniana ou Varisca, que aconteceu a finais do Paleozoico, xa que que afecta, producindo pregamento e metamorfismo, a materiais entre os que se atopan filitas con graptolites, que son fósiles guía do Paleozoico, e non afecta ao estrato de calcarias con ammonites, que son fósiles guía do Mesozoico.

**PREGUNTA 7.**

0,5 puntos pola definición correcta de cada termo.

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Máximo 1 pto. (0,1 por emparellamento correcto): 1B, 2A, 3F, 4J, 5H, 6C, 7G, 8E, 9I, 10D

**8.2.** Máximo 1 pto. (0,2 por frase correctamente construída)

A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións correctas:

Forme cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase.

- O Carbonífero é un período pertencente ao Paleozoico, no que prosperaron os fentos que constituíron grandes formacións boscosas.
- Unha falla transformante é un bordo conservativo entre placas litosféricas, no que se producen abundantes sismos polo desprazamento relativo entre placas.
- Un punto quente é unha zona de alta actividade magmática, debida á presenza dun penacho de material quente que ascende desde a base do manto ata a superficie, dando lugar a vulcanismo intraplaca.
- Unha dorsal é un bordo construtivo entre placas no que se forma nova litosfera oceánica.
- O Plioceno é unha época pertencente á era Cenozoico, a cal se caracteriza pola presenza de fósiles de mamíferos.

## XEOLOXÍA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Se realiza máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as cinco primeiras realizadas.**

**PREGUNTA 1. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Describa os tipos de magma e indique o seu lugar de formación.
- 1.2. Explique tres probas da deriva continental.
- 1.3. Describa os produtos volcánicos.

**PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Indique os grupos da clasificación químico-estrutural dos minerais e poña un exemplo de cada un.
- 2.2. Explique a serie de reacción de Bowen.
- 2.3. Explique os axentes, mecanismos e produtos da meteorización física.

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique, razoando a resposta, que tipo de bordo de placa aparece na figura. Explique que tipo de oróxeno está representado, indicando as súas características e poñendo un exemplo.

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique a natureza das capas sinaladas coas letras, que aparecen na figura. Explique en que consiste o ciclo de Wilson e sitúe nel o esquema.

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique os tipos de contactos entre os materiais 4-1, 1-3 e 3-2. Indique o ambiente de formación dos materiais 1, explicando se se produciu transgresión ou regresión. Indique a composición química e ambiente de formación dos xesos do material 3. Indique que oroxenia afectou aos materiais 1 e 3.

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Describa a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. En relación aos materiais sinalados coa letra T, indique o seu proceso de formación e sinala, xustificando a resposta, cal dos tres é o máis antigo.

**PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: (0,5 puntos por definición)**

1. Solo 2. Acuífero 3. Mena 4. Metamorfismo 5. Granito 6. Diaxénese

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

8.1. Emparelle (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha ou máis letras da segunda:

1) Paleozoico. 2) Mesozoico. 3) Cenozoico.

A) Xurásico. B) Carbonífero. C) Devónico. D) Cuaternario. E) Ordovícico. F) Cretácico. G) Paleóxeno. H) Pérmico. I) Triásico. J) Ordovícico.

8.2. Forme cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase.

relativa	resistencia a ser raiado	fráxil
tenacidade	antigüidade real	escala de Mohs
exfoliación	resistencia á rotura	<sup>14</sup> C
absoluta	secuencia de sucesos	mica
dureza	ruptura en direccións preferentes	superposición de estratos

## XEOLOXÍA

El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si realiza más preguntas de las permitidos, solo se corregirán las cinco primeras realizadas.

**PREGUNTA 1. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Describa los tipos de magma e indique su lugar de formación .
- 1.2. Explique tres pruebas de la deriva continental.
- 1.3. Describa los productos volcánicos.

**PREGUNTA 2. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Indique los grupos de la clasificación químico-estructural de los minerales y ponga un ejemplo de cada uno.
- 2.2. Explique la serie de reacción de Bowen.
- 2.3. Explique los axentes, mecanismos y productos de la meteorización física.

**PREGUNTA 3. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique, razonando la respuesta, qué tipo de borde de placa aparece en la figura. Explique qué tipo de orógeno está representado, indicando sus características y poniendo un exemplo.

**PREGUNTA 4. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique la naturaleza de las capas señaladas con las letras, que aparecen en la figura. Explique en qué consiste el ciclo de Wilson y sitúe en él el esquema.

**PREGUNTA 5. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique los tipos de contactos entre los materiales 4-1, 1-3 e 3-2. Indique el ambiente de formación de los materiales 1, explicando si se produjo transgresión o regresión. Indique la composición química y ambiente de formación de los yesos del material 3. Indique qué oroxenia afectó a los materiales 1 y 3.

**PREGUNTA 6. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Describa la historia geológica, ordenando cronológicamente, del más antiguo al máis moderno, los materiales que aparecen en el corte geológico, y los eventos tectónicos y erosivos que ocurrieron. En relación a los materiais señalados con la letra T, indique su proceso de formación y señale, justificando la respuesta, cual de los tres es el más antiguo.

**PREGUNTA 7. Defina cuatro de los seis términos siguientes: (0,5 puntos por definición)**

1. Suelo 2. Acuífero 3. Mena 4. Metamorfismo 5. Granito 6. Diagénesis

**PREGUNTA 8. Resuelva las dos asociaciones: (1 punto por apartado)**

8.1. Empareje (en la hoja de examen) cada número de la primera lista con una o más letras de la segunda:

1) Paleozoico. 2) Mesozoico. 4) Cenozoico.

A) Jurásico. B) Carbonífero. C) Devónico. D) Cuaternario. E) Ordovícico. F) Cretácico. G) Paleógeno. H) Pérmico. I) Triásico. J) Ordovícico.


8.2. Forme cinco frases correctas y con significado geológico, empleando un término de cada columna en cada frase:

relativa	resistencia a ser rayado	frágil
tenacidad	antigüedad real	escala de Mohs
exfoliación	resistencia a la rotura	<sup>14</sup> C
absoluta	secuencia de sucesos	mica
dureza	ruptura en direcciones preferentes	superposición de estratos


## XEOLOXÍA

MATERIAL GRÁFICO DAS PREGUNTAS 3, 4, 5 e 6: / MATERIAL GRÁFICO DE LAS PREGUNTAS 3, 4, 5 y 6:

ESQUEMA-DIAGRAMA 1



ESQUEMA-DIAGRAMA 2



1. 1a: Calcaria con ammonites. 1b: Margas. 1c: Areas. 2. Gravas e areas. 3. Xesos e arxilas. 4. Lousas  
1. 1a: Caliza con ammonites. 1b: Margas. 1c: Arenas. 2. Gravas y arenas. 3. Yesos y arcillas. 4. Pizarras

ABAU  
CONVOCATORIA DE XULLO  
Ano 2022  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
(Cód. 25)

**PREGUNTA 1. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Máximo 1 pto. pola descrición completa e correcta dos tipos de magma, indicando o seu lugar de formación.
- 1.2. Máximo 1 pto. pola explicación correcta de tres probas da deriva continental.
- 1.3. Máximo 1 pto. pola descrición completa e correcta dos produtos volcánicos.

**PREGUNTA 2. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Máximo 1 pto. pola explicación correcta dos grupos da clasificación químico-estrutural dos minerais, poñendo un exemplo de cada un.
- 2.2. Máximo 1 pto. pola explicación completa e correcta da serie de reacción de Bowen.
- 2.3. Máximo 1 pto. pola explicación completa e correcta dos axentes, mecanismos e produtos da meteorización física.

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Máximo 1 pto. pola explicación razoada do tipo de bordo de placa aparece na figura (bordo destrutivo con colisión de placas continentais, producindo obdución). Máximo 1 pto. por explicar correctamente o tipo de oróxeno representado, indicando as súas características e poñendo un exemplo (oróxeno mecánico, de tipo alpino ou de colisión, no que xa apenas se produce subducción, senón forte deformación e engrosamento da litosfera continental, con escaso vulcanismo; exemplos: Alpes, Himalaya, Pirineos...).

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Máximo 1 pto. por indicar correctamente a natureza das capas sinaladas coas letras, que aparecen na figura (a: codia continental, b: litosfera continental; c: astenosfera). Máximo 1 pto. por explicar de forma correcta e completa en que consiste o ciclo de Wilson (desenvolvemento evolutivo da tectónica de placas, desde a fragmentación dun supercontinente ata a formación dun novo) e sitúe nel o esquema (correspondería á etapa final de choque obductivo de placas litosféricas continentais, e iría precedido pola fragmentación dunha placa litosférica continental, a separación progresiva das placas resultantes, coa formación de litosfera oceánica e xénese dun mar restrinxido, a formación dunha bacía oceánica ampla cunha dorsal ben desenvolvida, xeración dun bordo destrutivo e redución da bacía oceánica, ata chegar ao estadio representado na figura).

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Máximo 0,5 ptos. por indicar correctamente os tipos de contactos entre os materiais 4-1 (inconformidade), 1-3 (contacto concordante) e 3-2 (discordancia angular erosiva). Máximo 0,5 ptos. por indicar correctamente o ambiente de formación dos materiais 1 (mariño), explicando se se produciu transgresión ou regresión (produciuse transgresión porque a secuencia sedimentaria vai, de abaixo a arriba, dos sedimentos detríticos de tamaño area, propios dun ambiente próximo á costa, ás margas, compostas por arxila e carbonato cálcico, o que denota un maior afastamento e, finalmente, ás calcarias, que se depositan no mar a maior profundidade). Máximo 0,5 ptos. por indicar correctamente a composición química e ambiente de formación dos xesos do material 3 (o xeso e sulfato de calcio hidratado e a súa formación acontece nun ambiente sedimentario evaporítico). Máximo 0,5 ptos. por indicar correctamente que oroxenia afectou aos materiais 1 e 3 (Oroxenia alpina, xa que afecta ao estrato de calcarias con ammonites, que son fósiles guía do Mesozoico).

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Máximo 1,5 pto. por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. 1,5 ptos. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 1 se hai un erro; 0,5 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no ordenamento; réstase 0,30 por omisión de cada episodio de erosión.

Secuencia: Depósito dos materiais sedimentarios finos que posteriormente deron lugar ao material 4, lousas; pregamento e metamorfismo dos materiais sedimentarios anteriormente depositados; erosión; depósito dos materiais 1 en ambiente mariño transgresivo; depósito do material 3 (xesos e arxilas) nun ambiente regresivo e evaporítico, con evaporación progresiva de augas ricas en sulfatos, que proceden principalmente de ambientes mariños sometidos a un clima cálido e seco; basculamento dos materiais 4, 1 e 3; erosión; depósito de 2; erosión do conxunto de materiais (apréciese erosión diferencial, con resalte dos materiais 1, seguramente protexidos polo estrato calcario, máis



ABAU  
CONVOCATORIA DE XULLO  
Ano 2022  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
**(Cód. 25)**

resistente que os materiais detríticos subxacentes); erosión fluvial, con encaixamento progresivo da canle.

Máximo 0,5 ptos. por indicar correctamente o proceso de formación materiais sinalados coa letra T (terrazas fluviais formadas polo encaixamento progresivo da canle fluvial), e sinale, xustificando a resposta, cal dos tres é o máis antigo (o T1, situado en posición máis elevada con relación á canle fluvial actual).

**PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: (0,5 puntos por definición)**

0,5 puntos pola definición correcta de cada termo.

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Máximo 1 pto. (0,1 por emparellamento correcto): A-2, B-1, C-1, D-3, E-1, F-2, G-3, H-1, I-2, J-1.

**8.2.** Máximo 1 pto. (0,2 por frase correctamente construída)

A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións correctas:

- A datación relativa consiste en ordenar unha secuencia de sucesos sen coñecer o momento preciso no que se produciron e un dos principios nos que se sustenta é a superposición de estratos.
- Tenacidade é unha medida da resistencia á rotura dun mineral cando se lle aplica unha forza; dise que o mineral é fráxil cando se rompe ou pulveriza facilmente.
- Denomínase exfoliación á ruptura en direccións preferentes dun mineral, como a que experimenta a mica, que se caracteriza pola súa fácil exfoliación en láminas delgadas e flexibles.
- A cronoloxía absoluta trata de determinar a antigüidade real dunha rocha ou acontecemento, para o que se empregan métodos radiométricos, baseados na desintegración dun isótopo radioactivo, como o C14.
- A dureza é a propiedade dun mineral que mide a resistencia a ser raiado; determínase de xeito relativo segundo a escala de Mohs, baseada na resistencia dun mineral a ser raiado por outro.